

As 4 aldeas

Número 92

Decembro 2025



www.fillosdeois.org

A CAPELA DE SAN BRAIS

Bo Nadal e Aninovo

Cotas sociais 2026

Convocatoria de Asemblea Xeral

Actividades no Nadal

Festa de Antroido

Cambios na Xunta Directiva

Imaxes da Festa do Socio



*Reparto de porcos en Coirós.
Acto de entrega de diplomas ao grupo xuvenil de Ois*



Capela de San Brais en Caresma.

Magosto

Festas da Nosa Señora

Alarma por un incendio forestal

Andaina ao Pico da Felga

A capela de San Brais

Historias de Coirós. O reparto de porcos en Coirós

As 4 aldeas

As 4 aldeas é a revista da Sociedade cultural, recreativa e deportiva Fillos de Ois. Con esta cabeceira naceu en setembro de 1923 en Bos Aires, retomándose a súa edición en 1999.

Edita:

S.C.R.D. Fillos de Ois
Santa María de Ois
Coirós 15316 A Coruña

Correo electrónico:

fillosdeois@gmail.com

Páxina web:

www.fillosdeois.org

Imprime:

Vazmar - Betanzos.

Tlfo. 981 773 492

Depósito Legal: C2562-2012

A S.C.R.D. Fillos de Ois non se identifica necesariamente co contido dos artigos nin coas opinións dos seus autores.

Permítese a reprodución dos contidos publicados sempre que se cite a súa procedencia.



Núm. conta bancaria ABANCA:
ES16 2080 0018 0630 4002 3694

FESTA DO ENTROIDO

Estamos preparando a celebración do Entroido. A data aínda está por determinar pero daremos aviso polos medios habituais: carteis, páxina web e redes sociais



ACTIVIDADES NO NADAL

Martes 23: Festival de Nadal

Actuacións dos grupos municipais de ximnasia rítmica, coro, escola de música e baile tradicional e grupo de teatro "Pena Furada". Entrega dos premios do concurso de tarxetas de Nadal. **As 19h no centro social.**

Martes 30 : Espectáculo de humor

(para nenas e nenos a partir de 3 anos)

A historia de dous vellos traballadores que lembran agora, coas marionetas, as glorias do seu pasado na pista. Nun permanente xogo participativo co público, van aparecendo os números máis importantes daquel vello circo xa desaparecido. **As 12h. no Centro social.**



OFICINA DE
INFORMACIÓN
XVENIL
COIRÓS

Luns 5 de xaneiro: visita dos Reis Magos

O día 5 a partir das 16 horas os Reis Magos visitarán a tódolos nenos e nenas do municipio pasando polos locais sociais do Concello. En cada local se celebrará unha festa con merenda e agasallos.

-16.00 na residencia de maiores Fonte do Santo

-16.20 no local social de Queirós

-17.00 na residencia de maiores "Santa Mª de Ois"

-17.20 no local da Sociedade Fillos de Ois

-18.00 no Centro Social de Coirós

Colaboran as asociacións "Collantres" e "Fillos de Ois".

BO NADAL E ANINOVO

A Xunta Directiva deséxalles a todos os Socios e Socias de Fillos de Ois e aos seus familiares un BO NADAL e un FELIZ ano 2026

Faise extensivo este desexo a todas aquelas persoas, organismos e entidades que veñen colaborando con esta Sociedade e coa súa Xunta Directiva ao longo do ano na realización das diversas actividades sociais.



COTAS SOCIAIS 2026

A partir do día 1 de xaneiro de 2026 estarán ao cobro as Cotas Sociais.

Establécense como datas de pago na oficina social as seguintes:

- Primeiro Domingo de cada mes, de 12,30 h. a 13,30 h.

Tamén se podera facer efectivo o pago mediante ingreso na conta de ABANCA:

ES16 2080 0018 0630 4002 3694

É necesario facer constar o nome do Socio ou Socia no documento de ingreso.

A Xunta Directiva lembra que para o bo funcionamento da Sociedade é **imprescindible e obrigatorio** que se abonen as cotas sociais dentro dos tres primeiros meses do ano en curso.



Pídese aos asociados que faciliten á Xunta Directiva un número de teléfono para poder remitir informacións da Sociedade por mensaxería

CONVOCATORIA DE ASEMBLEA XERAL

Convócase aos Socios e Socias desta entidade á Asemblea Xeral Ordinaria.

Día: Venres, 23 de xaneiro de 2026

Hora: 19,30 h. (primeira convocatoria); 20,00 h. (segunda convocatoria)

Lugar: Sala de usos múltiples (baixo social)

Orde do día:

1. Lectura e aprobación da acta da Asemblea anterior
2. Balance económico do exercicio 2025.
3. Balance de xestión do exercicio 2025.
4. Renovación da Xunta Directiva
5. Rogos e preguntas



CAMBIOS NA XUNTA DIRECTIVA

Despois da asemblea celebrada o pasado mes de agosto, a Sociedade Fillos de Ois acometeu unha reorganización na súa Xunta Directiva para encarar unha nova etapa.

A principal novidade radica no cambio de presidencia. Toñita Quintián, quen dedicou o seu esforzo e tempo á fronte da Asociación durante un período significativo, deixa de formar parte da Xunta Directiva. A Sociedade desexa expresar o seu profundo agradecemento a Toñita polo seu traballo e dedicación incansable á fronte da entidade.

A partir de agora, a presidencia da Sociedade Cultural Fillos de Ois será asumida por Alberto Naveira Piñeiro. Alberto asume este novo reto co obxectivo de dar continuidade ás actividades e impulsar novos proxectos, mantendo sempre o espírito de unión e a promoción da cultura que caracterizan a Sociedade.



IMAXES DA FESTA DO SOCIO



A Sociedade Cultural Fillos de Ois celebrou, coma é tradición cada ano, a súa esperada Festa do Socio, convertendo o encontro nunha xornada memorable de confraternidade e bo ambiente.

A festa cumpriu coa súa finalidade principal: ser o punto de encontro para socios e socias, onde as novas xeracións se mesturan coas máis veteranas nun espazo de respecto e alegría. Como vén sendo costume, o evento estivo moi concorrido, demostrando a vitalidade e o arraigamento da Sociedade.

O momento central foi o bo xantar, onde se puido degustar un menú contundente e delicioso: paella, churrasco con patacas e para rematar, un postre tradicional de queixo con marmelo e bica. O xantar estivo ben regado con viño, auga, refrescos, e pechouse cun café e chupito, garantindo a enerxía necesaria para a longa sobremesa. A conversa pausada e o baile continuaron despois do banquete, afianzando os lazos que unen a esta comunidade cultural.





MAGOSTO

A Sociedade Fillos de Ois celebrou con gran éxito o seu Magosto, congregando un elevado número de veciños nunha xornada de tradición e convivencia.

O evento caracterizouse polo excelente ambiente e a notable afluencia. Os asistentes puideron gozar das protagonistas da festa: as castañas asadas, xunto a unha

degustación de saborosos liscos.

O Magosto foi moi concorrido e, como nota especialmente positiva, destacou a gran participación de nenos e nenas da parroquia, que se sumaron activamente á celebración, asegurando a continuidade deste querido costume outonal.



FESTAS DA NOSA SEÑORA

Cando todo parecía perdido e a parroquia xa asumira a triste noticia que anunciamos na anterior revista, a cancelación das festas patronais da Nosa Señora, produciuse un xiro inesperado. Grazas ao esforzo e á paixón de tres veciñas, Rocío, Carmen e Paula, as nosas tan esperadas festas foron rescatadas no último minuto!

Nunha mostra de compromiso coa tradición e coa alegría da nosa comunidade, este trío de mozas asumíu a organización completa dos festexos. Nun prazo moi curto, de pouco máis de dúas semanas, conseguiron montar un programa, recorrer a parroquia recollendo as aportacións e preparar todos os detalles para que a celebración puidese levarse a cabo.

O traballo foi contrarreloxo, pero a súa determinación asegurou que a patroa, a Nosa Señora, puidese ser honrada coa celebración que merece. Desde a parroquia, queremos expresar o noso agradecemento a Rocío, Carmen e Paula.

Agosto 2025 - COIRÓS

SANTA MARIA DE OIS

Grandes festas na honra da NOSA SEÑORA

14 Xoves

- 13.15h Misa solemne.
- 14.15h Sesión Vermú co grupo **LOS PLATINOS**
- 19.00h Partido de fútbol sala entre a nosa xente (pabillón de Ois).
- 23.00h Verbena co GRUPO **ALASKA** e **TAKESOUND**

15 Venres

- 13.15h Misa solemne.
- 14.15h Sesión Vermú con **ANDRÉS SOLORZANO**
- Sorteo dun vale na Parrillada Barral.
- 17.30h Hinchables gratuitos durante 1h.
- 18.30h Festa da espuma.
- 20.00h Verbena con **DJ TAKESOUND**

MARKETING: **CONCELLO DE COIRÓS** WWW.COIROES.ES

TAXI 657.252.044

Furanche

LUCIA

AGROPECIA RAFA

INPAPE ASESORIA

FISAL

MARKETING

CONCELLO DE COIRÓS

LOS PLATINOS

Caserío de Ois

Rubal

PAULO PAULA

MARKETING

CONCELLO DE COIRÓS

LOS PLATINOS

Caserío de Ois

Rubal

PAULO PAULA



ALARMA POR UN INCEDIO FORESTAL

O pasado día 6 de agosto, sobre as 4 da tarde, a parroquia de Santa María de Ois viviu momentos de gran tensión debido a un incendio forestal que se declarou nas proximidades da Ponte do Asno. O lume, que xerou unha notable alarma entre os veciños, afectou unha superficie aproximada de 4



hectáreas de terreo.

A rápida e eficaz resposta dos servizos de extinción de incendios foi crucial. Grazas ao seu despregue inmediato, conseguiuase controlar o foco a tempo, evitando que as lapas se propagasen e causasen danos maiores en vivendas e se extendese a outras zonas de monte.

O dispositivo mobilizado foi considerable, incluíndo a participación de axentes forestais, brigadas terrestres apoiadas por motobombas, e o despregamento de medios aéreos como helicópteros e avións que realizaron múltiples descargas de auga.

A CORUÑA

Un incendio forestal afecta a la parroquia de Santa María de Ois, en Coirós

LA VOZ
COIRÓS



P. de la Abadía

La Consellería do Medio Rural ha confirmado que el fuego se ha estabilizado sobre las 17.00 horas. Las llamas calcinaron cuatro hectáreas y obligaron a cortar la N-6 por humo varios minutos

Este incidente serve como recordatorio da necesidade de extremar as precaucións para previr o lume e resalta a importancia dos profesionais que traballan na extinción.

ANDAINA AO PICO DA FELGA

Un grupo de veciños e veciñas da parroquia animáronse a devolver á vida unha fermosa tradición que se mantivo latente durante os últimos anos: a andaina ata o Pico da Felga. Este paseo, que noutroa se celebraba habitualmente despois da Festa do Socio, volveu congregarse aos amantes da natureza e do sendeirismo.

O Pico da Felga, coñecido por ser o punto máis alto da parroquia, non só ofrece un desafío físico, senón que recompensa aos camiñantes cunhas vistas

privilexiadas sobre toda a contorna e máis aló.

O grupo de camiñantes completou con éxito o percorrido, gozando do traxecto e da satisfacción de alcanzar o cume. A recuperación desta andaina non só revitaliza unha tradición, senón que tamén pon en valor os recursos naturais da parroquia.

Agardamos que o éxito desta convocatoria sirva para consolidar de novo a Andaina ao Pico da Felga como unha cita ineludible no calendario anual.



A CAPELA DE SAN BRAIS



A capela e a romaría tiveron a súa orixe nunha fundación dun crego desta familia chamado Blas de Rivas. Foi construída en 1777 como se nos di nunha inscrición enriba da porta: «AÑO DE 1777 ESTA OBRA LA HIZO D. BLAS DE RIBA PRº VºENO DE ESTE LUGAR»

Manuel Fiaño Sánchez
Miguel Gayoso Barreiro

Galicia, terra de mitos e lendas, atesoura no seu calendario festivo unha das súas expresións culturais máis auténticas: as romarías. Máis que simples celebracións, estes encontros anuais son o latexo social e espiritual da comunidade, un crisol onde a fe relixiosa se funde coa ledicia popular e a tradición gastronómica.

Desde a devoción en santuarios centenarios ata o bulicio dos bailes e a música tradicional nas carballeiras, cada romaría é un espello que reflicte a historia, o folclore e a profunda conexión dos galegos coa súa terra. Estas peregrinacións festivas perduran como piares da identidade galega, mantendo vivas costumes ancestrais.

No ano 2019 o Museo do Pobo Galego organizou a exposición “Galicia Máxica. Romarías e

santuarios”, na que se recollían as fotografías que o antropólogo danés Gustav Henningsen foi realizando entre 1965 e 1968. No número 79 desta revista (xuño 2020) reproducimos imaxes que Gustav Henningsen sacou na romaría do Frai Pedro en Santa María de Ois.

Xosé Ramón Mariño Ferro no catálogo da exposición fai un amplo estudo da tipoloxía e significado das romarías en Galicia:

“Rara é a parroquia que non celebra a súa propia romaría nalgunha capela, levantada nun monte, no medio do bosque ou á beira do mar. A miúdo, como sucede por exemplo en Santo André de Teixido, a Virxe da Barca e As Ermidas, a contorna xeográfica constitúe un dos maiores atractivos da



romaría. Algunhas, poucas veces, serven de santuarios as propias igrexas parroquiais, pero polo xeral as romarías celébranse en capelas ou templos que só se abren ao culto o día da festa.”

“As romarías galegas sucédense ao longo de todo o ano, aínda que se concentran sobre todo nos meses de verán, máis axeitados para as camiñadas dos romeiros e de menos intensidade nos labores do campo. O día da celebración o santuario, que se mantivo apartado e en silencio, cobra vida de novo. Coas primeiras luces empezan a chegar os devotos, en coche ou a pé, lávanse na fonte e entran no recinto sagrado a escoitar misa. Hainos que se ofrecen a andar descalzos ou de xeonllos ou visten un hábito penitencial. Bican as reliquias e as imaxes, tócanas cun pano ou cunha estampa. Solicitan axuda sobrenatural para curar enfermidades, para conseguir parella, para obter boas colleitas ou criar o gando”

“A romaría vai ligada á concepción da vida terrea como camiño cara a outra existencia, que é considerada perdurábel e, en xeral, máis perfecta. Os romeiros padecen e gozan no camiño que os conduce ao santuario como os crentes gozan e padecen durante a vida que os conduce ao Paraíso. A romaría é a teatralización da concepción tradicional da vida.”

Xosé María Veiga Ferreira, un dos maiores coñecedores e estudoso da antropoloxía e historia da nosa bisbarra, no seu traballo *Romarías das Mariñas*, editado pola Fundación



Luis Monteagudo, tamén fai un extenso e documentado estudo sobre a orixe, antecedentes e rituais das romarías da bisbarra das Mariñas.

“As romarías teñen as súas propias características, diferentes das celebracións das festas do patrón. Mentres que a festa patronal é feita por e para os veciños dun determinado lugar ou parroquia, ou todo o máis para os seus invitados, a romaría é feita para os romeiros, para todas aquelas xentes que queiran vir. Outra característica diferenciadora é que a festa do patrón ten lugar dentro dun núcleo de poboación e a romaría faise xeralmente nun lugar despoboadado aínda que non sempre. Isto levou a que os romeiros debían facer o camiño, que era un aspecto importante da celebración.”

“A romaría ten como centro unha ermida na que se lle rende culto a algún santo ou santa milagreiros, á memoria dun

milagre ou dunha aparición e, incluso, á unha imaxe que, por distintas razóns, goza da veneración do pobo (Quintáns, 1994).

A festa relixiosa cobra nas romarías un especial esplendor, e alí acoden os romeiros a pedir favores ou agradecer os xa recibidos.”

No capítulo X ROMARIAS ACTUAIS, Veiga inclúe a de San Brais en Caresma onde se rende culto á Candeloria:

“Na Candeloria a vida retorna ó campo, de modo que a vela que se acende ese día en cada fogar simboliza o regreso da luz. No San Brais en Caresma, o crego bendice as candeas que se manteñen acesas nas mans, durante a misa, e que logo levan os romeiros para as súas casas. Estas candeas bendicidas disque teñen poder contra os raios, polo que se acendían nas casas cando tronaba. Tamén servían como fachos para alumear o camiño das almas cando se ían deste mundo, colocándoas acesas no cuarto onde ía morrer ou morrera alguén (Quintáns Suárez, 1994)”.

“Celébrase esta romaría nunha propiedade particular (dos González) onde está construída a pequena capela de pedra á que se chega polo medio do monte ou pola cortiña dos propietarios. Pertence actualmente á parroquia de Santiago de Ois, concello de Coirós.

A capela e a romaría tiveron a súa orixe nunha fundación dun crego desta familia chamado Blas de Rivas. Foi construída



en 1777 como se nos di nunha inscrición enriba da porta:

«AÑO DE 1777

ESTA OBRA LA HIZO D. BLAS DE RIBA PRº VºENO DE ESTE LUGAR»

Un Libro de Visitas de 1791 da parroquia de Santa Baia de Espenuca danos conta tamén da súa fundación (AHDS. Libro de visitas de Espenuca):

«Capilla de advocacion de San Blas. Visitó su merced la Capilla advocación de San Blas sita en esta expresada parroquia, y lugar de Caresma, terminos de ella, que fundo Don Blas de Rivas pro. Vezino de dha feligresia y lugar con aprobacion y licencia del Ylmo señor Don Francisco Alejandro Bocanegra..., con la memoria perpetua de cinco misas anuales, que se han de celebrar en dicha capilla, como todo ello consta de testimonio, que paso por fee de Manuel de Martin y Andrade escribano de su Magestad y de numero de la ciudad de Betanzos, que para en el libro de hipotecas de esta Parroquia: esta dicha capilla mui decente, y tiene todo lo necesario... es patrono de esta capilla Andres Gonzalez, vecino de esta feligresia y sobrino del fundador... manda se pinte el retablo...».

A maioría dos asistentes son veciños da parroquia, pero algunhas familias de fora tamén teñen tradición de vir.

Rematada a misa a xente celebra a festa nas súas casas.

Antigamente viñan a pé desde o outro lado do río, de Vilamourel, Esperela e de moitas partes, quedándose a comer no campón. A xente non recorda que viñesen rosquilleiras nin outro tipo de postos.

O san Brais de Caresma disque é avogoso dos males da gorxa e



desprázase -ou desprázano- ata a ermida o día da romaría, xa que o resto do ano está na casa dos propietarios. Está con vestiduras episcopais e mitra sobre a cabeza e coa man dereita sobre a gorxa. Conta a lenda que aparte de ser bispo curaba á xente, tal era así que nunha ocasión foi unha muller desesperada levando ó seu fillo medio esganado por unha espiña de peixe. O santo prendeu os dous cirios que a nai ofrecera como exvoto na festa da candeloria do día anterior; e colocounos en forma de aspa para tocar así o colo do doente que, de inmediato, quedou libre da espiña (Ferro Ruibal, 1992).

A bendición das candeas celébrase tradicionalmente o día 2 de febreiro en toda Galicia, pero aquí espérase á celebración do san Brais para bendicilas, sendo unha característica especial da romaría. Os romeiros levan a candeas nun ramiño con mimosas e romeu. O crego bendice as candeas que se manteñen acendidas nas mans, durante a misa, e que logo lévanas para a casa. Estas candeas benditas disque teñen poder contra os raios, acendéndose nas casas cando trona.”

Desde hai uns anos os veciños de Caresma veñen dando pulo á celebración do San Brais e así organizan ao mediodía, despois da misa na Capela, unha sesión vermú con baile e sorteos. Tamén contan co imprescindible bochinche no que os romeiros poden tomar un refrixerio acompañado dunha tapa de callos que os corpos agradecen. Para o ano 2026 a celebración terá lugar o día 1 de febreiro

O 4 de febreiro de 2003 o xornal La Voz de Galicia facíase eco desta romaría. Salientaba que unha familia rendía culto ao San Brais desde hai máis de 200 anos.

MARIÑO FERRO, Xosé Ramón . (2019). “Os santuarios de Galicia e a colección de fotos de Gustav Henningsen 1965 - 1968”. Catálogo da exposición”. Museo do Pobo Galego.

RODRÍGUEZ, P. (2023, 4 de febreiro) Una familia honra a San Blas en una capilla desde hace más de 200 años. La Voz de Galicia, Betanzos P 9.

VEIGA FERREIRA, Xosé María. (2024). Romarías das Mariñas. Fundación Luis Montegudo.



SAN BRAIS

Caresma Febreiro 2024

Domingo

4

Febreiro

Praza da Forxa

Sorteo de:

- 1lación
- 1 cachucha
- Chourizo
- E lote de productos
- De Agridayca

Misa solemne as 13.30h na capela de SAN BRAIS

SESIÓN VERMÚ

DÚO CRAZY

Con cada consumición, tapiña de CALLOS

ORGANIZA:

COMISIÓN DE FESTAS DE CARESMA E ESPENUCA

El pequeño templo es una propiedad privada en la que se rinde culto cada 3 de febrero

Una familia honra a San Blas en una capilla desde hace más de 200 años

El oficio se celebró en la jornada dominical al coincidir la fiesta con día laborable

La Voz de Galicia 4 de febrero de 2003.

San Blas está en Caresma, un punto de magia rural en el corazón de Coirós. Lo cuida la familia González, que es de allí de toda la vida. Tanto, que más de tres generaciones cumplen cada 3 de febrero con la celebración. Por San Blas, la cigüeña verás... En Caresma, sea como sea, se rezará siempre, porque para la familia González, como afirmaban ayer sus miembros, esto forma parte de su vida.

Hay que dejar a la izquierda el mirador de A Espenuca, su parroquia, para llegar a un lugar en el que, una vez al año, se repite la tradición de honrar al santo. Una capilla privada se abre para el público cuando se conmemora San Blas, un santo de gran devoción en Galicia y, de forma especial, en la comarca betanceira. Es una pequeña ermita de piedra que se incrusta en un alto y que es un paisaje de historia. Este año la misa se celebró el domingo para facilitar la presencia de los vecinos que asisten a este oficio. Pero San Blas fue ayer.

Jacinta Pérez y José González son dos anfitriones de lujo que a lo largo del año cuidan y custodian en su casa la imagen del santo, considerado protector contra los males de la garganta. No le dotan de más importancia a un acto que han visto desde hace más de los sesenta años que llevan casados. De hecho, José González, heredero de la tradición, lo toma como algo que sería excepción si no se repitiera. «Un hermano de mi abuelo era cura y vivía en

esta casa», cuenta para encontrarle algún porque al hecho de que exista la capilla, a la que para acceder hay que atravesar las propiedades de los González.

La tradición no tiene fecha, pero se hace un recuento centenario y con más de doscientos años no se peca de exceso. Así lo asegura la familia. Hay ya más generaciones, hijos y nietos, que no dejarán que decaiga el día de San Blas de Caresma. No aparece en los mapas religiosos, pero ayer más de uno se preguntaba si había misa en A Espenuca.

De hecho, hubo más de un vecino de Betanzos que se acercó hasta el pequeño lugar. Querían celebrarlo y al menos pudieron ver al santo que ya descansaba en casa de la familia González. Y a Jacinta y a José. Mereció la pena una visita a un pueblo que es un milagro en sí mismo.

Una vida entera dedicada a la ganadería y al santo

Los González son historia y presente de la vida de Caresma, pequeño lugar de A Espenuca en el que se respira la esencia de los pueblos. No es un santuario pero hay un santo. Hay menos población que antaño pero aún se percibe la actividad propia de la comarca. Y allí vive José González junto a su mujer, Jacinta Pérez. Él tiene 90 años y ella 85. Le suman a sus vidas 62 años de matrimonio. Juan recuerda la fecha exacta: 10 de diciembre de 1940. Y que llovía.

Tanto, que «estábamos comiendo y había que bajar a parar el agua que caía por el monte», afirma. Se sabe su vida al pie de la letra, aunque la vivió a ras de campo, agricultura y ganadería. Venían de Aranga y de lugares limítrofes a comprar cerdos. Eran otros tiempos. Ahora, Caresma es un lugar en el que pasa menos gente.

Amabilidad

Hay una bodega, la de Amparo Panete, que mantiene el sabor de lo casero. Hay jamón, vino y chorizo y lo que se tercie servido con la maestría que sólo da la amabilidad. Pasó el tiempo, pero seguro que siempre, cuando José se hace una foto, le pasa la mano por el hombro a su mujer. Y se pone un sombrero.

MARTES
4 DE FEBRERO DEL 2003

El pequeño templo es una propiedad privada en la que se rinde culto cada 3 de febrero

Una familia honra a San Blas en una capilla desde hace más de 200 años

*El oficio se celebró
en la jornada
dominical al
coincidir la fiesta
con día laborable*

Pacho Rodríguez

A CORUÑA

■ San Blas está en Caresma, un punto de magia rural en el corazón de Coirós. Lo cuida la familia González, que es de allí de toda la vida. Tanto, que más de tres generaciones cumplen cada 3 de febrero con la celebración. Por San Blas, la cigüeña verás... En Caresma, sea como sea, se rezará siempre, porque para la familia González, como afirmaban ayer sus miembros, esto forma parte de su vida.

Hay que dejar a la izquierda el mirador de A Espenuca, su parroquia, para llegar a un lugar en el que, una vez al año, se repite la tradición de honrar al santo. Una capilla privada se abre para el público cuando se conmemora San Blas, un santo de gran devoción en Galicia y, de forma especial, en



Imagen de San Blas que se honra en la capilla

que llevan casados. De hecho, José González, heredero de la tradición, lo toma como algo que sería excepción si no se repitiera. «Un hermano de mi abuelo era cura y vivía en esta casa», cuenta para encontrarle algún porque al hecho de que exista la capilla, a la que para acceder hay que atravesar las propiedades de los González.

La tradición no tiene fecha, pero se hace un recuento centenario y con más de doscientos años no se peca de exceso. Así



Jacinta Pérez y José González, ayer, en su casa de Caresma

Una vida entera dedicada a la ganadería y al santo

■ Los González son historia y presente de la vida de Caresma, pequeño lugar de A Espenuca en el que se respira

vida al pie de la letra, aunque la vivió a ras de campo, agricultura y ganadería. Venían de Aranga y de lugares



O REPARTO DE PORCOS EN COIRÓS

[...] en nuestra labor concedemos especial importancia a la sicología del niño, realizándola en un ambiente ampliamente “democrático” haciendo que nos consideren más bien como compañeros que como maestros.

Manuel Fiaño Sánchez



Aínda que o título deste artigo puidera levar a engano e prestarse a confusións, o certo é que obedece a unha noticia que aparece na revista «Campiña» de xuño de 1962, unha publicación do «Órgano de las Hermandades de Labradores y Ganaderos de La Coruña».

Baixo o título de «*Extensión Agraria y la juventud rural en la zona de Betanzos*», a publicación da conta de que desde o Servicio de Extensión Agraria de Betanzos se distribuíron exemplares de porcos entre os escolares das zonas rurais de Coirós e Paderne, así como das labores de divulgación levadas a cabo nas escolas rurais polo servizo agrario comarcal.

Consistía esta distribución de exemplares porcinos nunha colaboración entre o citado Servicio de Extensión Agraria de Betanzos e as casas comerciais produtoras de pensos, de tal xeito que se adquirían un grupo de crías para repartilos entre os cativos que previamente deran a

súa conformidade (suponse que os pais) a razón de un ou dous exemplares por rapaz, entregándolles tamén un lote de penso para a súa manutención desde o momento da entrega ata a venda dos animais no mercado. Á hora da venda do porco descontárase o importe da compra e dos pensos consumidos, entregando o remanente aos coidadores respectivos.

O sistema semella ideado de xeito específico como unha perfecta estratexia de marketing das casas comerciais de pensos. Conta redonda! As casas comerciais vendían o porco e o penso e os labregos mantiñan e coidaban.

Pretendíase, segundo dicían desde Extensión Agraria, «*demonstrar la conveniencia de una alimentación racional, empleando piensos equilibrados y adaptados a las necesidades de los animales, según peso y edad, juntamente con unos cuidados higiénico-sanitarios conformes con las más*

elementales normas de la Zootecnia».

A interacción do Servicio de Extensión Agraria cos escolares tamén se facía efectiva coas visitas que os «axentes» realizaban periodicamente ás escolas. En cada escola formábanse grupos cos rapaces máis maiores aos que se lles impartían clases teóricas e prácticas sobre tratamento de froiteiras, podas e preparación de fuxicidas, entre outras.

Os responsables de Extensión Agraria de Betanzos defendían a labor realizada cos cativos das escolas rurais argumentando que «*en nuestra labor concedemos especial importancia a la sicología del niño, realizándola en un ambiente ampliamente “democrático”, haciendo que nos consideren más bien como compañeros que como maestros, introduciendo el mayor número de cambios posible, bien en métodos, bien en trabajos, encargándoles algunos de los más sencillos y siempre procurando desarrollar su*



Acto de entrega de diplomas a los niños del Grupo Juvenil de Ois (Coirós)

sentido de la responsabilidad. Con ello el niño siente que es un hombrecito y procura hacer honor a la confianza en el depositada, poniendo el máximo interés».

A campaña do reparto de porcos non foi a única da Axencia de Extensión Agraria de Betanzos que utilizou aos cativos, pois en 1961 levou a cabo outra sobre o cultivo do millo híbrido azucrado en concellos da contorna, entre eles Coirós, consistente en reunións, demostracións, proxeccións de documentais e charlas coloquio. As campañas incluían tamén aos escolares aos que, ademais das proxeccións e charlas, dábanlles sementes de millo para que o plantaran, establecendo premios para aqueles cativos que acadaran mellores resultados.

As Axencias de Extensión Agraria

As Axencias do Servizo de Extensión Agrícola, que máis adiante cambiarían o nome polo de Extensión Agraria, foron creadas en setembro de 1955 «con carácter provisional y a título de ensayo». Tiñan como finalidade prestar aos agricultores e gandeiros toda clase de axuda técnica, material, legal e moral que lles solicitaran, así como difundir os mellores métodos de explotación. Para elo levaban a cabo conferencias, coloquios, demostracións, emisións de radio, proxeccións de documentais. Tamén tiñan encomendado o asesoramento ás Cámaras Sindicais Agrarias e as Irmandades de Agricultores e Gandeiros. Establecíanse preferentemente en zonas de



El señor Dominguez, Ayudante de Extensión, hace entrega al señor Maestro de Coirós, de "las utilidades" del proyecto "alimentación"

concentración parcelaria e de colonización. As tres primeiras en crearse na provincia da Coruña foron as de Negreira, Padrón e Betanzos. A de Betanzos iniciaría a súa andaina no ano 1957 co número 22, estreándose con unha campaña preventiva contra o «mildiu» do lúpulo con pulverizadores de alta presión. A súa labor estendíase aos concellos de Betanzos, Bergondo, Sada, Paderne, Coirós, Abegondo, Cesuras, Oza dos Ríos, Irixoa e ás parroquias de Feás e Fervenzas, do concello de Aranga. Nesa época o número de explotacións agrarias da



El grupo juvenil de Fontelo, asesorados por el señor Domínguez, proceden a pesar los "ejemplares" para darles una ración equilibrada.

comarca era de 9.769. As oficinas estiveron primeiramente nun local cedido polo Instituto Laboral, logo despois pasarían a un local alugado na rúa Arxentina nº 5, establecéndose finalmente no Carregal.

AGRICULTOR:
Ponga una barrera infranqueable al MILDEU con
LLOFARZIN ZINEB
Y LLOFARCOBRE
(Oxicloruro de cobre)
FABRICA EN TEIJEIRO
¡Prefiera la Industria GALLEGA!

JUVENTUDES RURALES
MAS SOBRE EL CURSO DE
ENSEÑANZAS PARA CAMPESINOS
SERAN GRATUITAS. INTERESA, SOBRE TODO, LA INSCRIPCION
DE GRUPOS DE ALUMNOS DE LA MISMA VECINDAD

LUNAS DE AUTOMÓVILES			C/ Pérez Cepeda, 12 15004 A CORUÑA Tif./Fax 981 141 435
MECÁNICA	CHAPA Y PINTURA		RAPIDEZ, SERIEDAD Y GARANTÍA EN NUESTROS TRABAJOS
LÍNEA PRE-I.T.V.	ELECTRICIDAD		
CONVENIO COMPAÑÍAS DE SEGUROS			

C/ Viñas de Babilonia, 8 Bajo 15179 SANTA CRUZ - OLEIROS		 Pedidos 660 102 109 <i>Servicio a domicilio</i> Tel. 881 916 198
--	---	--

Preparamos bolsas de cumpleaños y encargos personalizados Golosinas, frutos secos, helados, dulces,...		C/ Viñas de Babilonia, 13 Bajo Telf. 687 624 736 15179 SANTA CRUZ - OLEIROS
--	---	--

	María Fé Rubal - Ramón Rubal Brea, s/n. Guísamo Bergondo 15165 A Coruña Tel 981 796 608. Tel.Fax: 981 795 736 e-mail: inpape@entorno.es
---	--

	Manuel Vázquez Varela MADERAS CHELO Parada, 8. Santa María de Ois 15316 Coirós (A Coruña) Tífono. 629 852 013	
--	---	---

	OPTICA Brigantium Avda. Jesús García Naveira, 15 15300 Betanzos Telf. 981 770 152
---	---

	LAVANDERÍA INDUSTRIAL LAS CAMELIAS Concepción Arenal 95 15300 Betanzos administración@lavanderialascamelias.com Tífono: 657 221 249
---	--

	Pintura y Decoración Julio Platas Santiago de Ois, nº 59 15316 Coirós (A Coruña) Tel. 981 79 81 10 Móvil 699 45 12 47	
---	--	---

CONSTRUCCIONES Platas Rocha Santiago de Ois, 18 15316 COIRÓS (A Coruña) Tífono. 981 79 83 56 - 981 79 63 62	
---	---

	Telf. 981 770 515 BETANZOS - A CORUÑA Profesionales a su servicio Pinturas - Puertas - Ferretería Alquiler de Maquinaria
---	---

	AGRO-PESCA RAFA COMERCIAL AGRICOLA ABONOS 981 796 645 PIENSOS 628 800 786 SEMILLAS PESCA PLANTAS JARDINERIA Queirís, 63. 15136 COIRÓS (A Coruña) agropescarafa@gmail.com
---	---

	CLÍNICA DENTAL PARDELLAS Tratamento integral da túa boca coa última tecnoloxía Especialistas en cirurxía, implantes, prótesis e estética dental. Arreglo de rotura de prótesis nunha hora. Financiación a medida e sen intereses. Rúa Caneiros nº 3 baixo dereita, Betanzos Pida a súa cita no 981 77 13 26 ou en www.clinicapardellas.com
---	---

MARTA PAZ COIRÓS TAXI 657.252.044 LIC. 4
--

	Cervecería Vázquez saavedra meneses betanzos Saavedra Meneses. 62 - 15300 Betanzos Tífono. 981 77 26 02
---	---


--

Destinatario 	Remite  S.C.R.D. FILLOS DE OIS Santa María de Ois Coirós 15316 A Coruña
--	--